

PEREGRINACIÓN COMPOSTELÁ: REALIDADE E SÍMBOLOS

Manuel Xesús Precedo Lafuente
Deán da S.A.M.I. Catedral de Santiago

Falar de peregrinación en Compostela ten un significado preciso non só neste ano 1993, que é Ano Xubilar ou Santo, senón ó longo de toda a historia do santuario xacobeo. Porque unha disertación deste tipo en Compostela non queda no campo teórico, senón que descende ó práctico. Calquera que percorra as rúas a calquera hora do día, e máis se se achega á Catedral durante a celebración dalgún dos actos do Peregrino, pode comprobar *de visu* un feito que conta con séculos de continuada sucesión.

Na miña disertación quero distinguir dúas partes: por un lado, a realidade, a historia; polo outro, os símbolos ou sinais ós que deu lugar esa realidade obxectiva. A primeira consideración lévanos a busca-la xustificación da romaría xacobeá, á que, como todo o mundo sabe, Dante dixo que tiñamos que darlle o nome de peregrinación en sentido propio, aínda que nós, por razóns de variedade eufónica, non imos ser tan rigorosos e usaremos unha palabra ou outra segundo conveña. Na segunda parte ocupáremos máis ben dos vestixios culturais deixados pola peregrinación xacobeá entre nós, con significado de todos coñecido, pero que poden suscitar interrogantes no visitante non habituado ó noso ambiente.

I. A REALIDADE

I. 1. A peregrinación compostelá, fenómeno relixioso

En si mesma a peregrinación compostelá non se distingue da que se fixo e se fai a outros lugares da Terra. A peregrinación é un fenómeno do ámbito relixioso presente en case tódalas culturas e confesións relixiosas desde os máis antergos tempos historicamente comprobables. Non é este o momento propicio para detérmonos na análise dun feito ó que se han facer moitas referencias nesta reunión e que, por outra parte, é coñecido de todos. O que si temos que destacar é que no Cristianismo a peregrinación ten fundamentalmente que ver coa peregrinación xudea. Peregrinar no Xudaísmo precristián era unha necesidade, ademais dunha obriga legal. A unidade de santuario, imposta ós xudeus para inculcarlles por este medio a idea da unicidade de Deus, imponía a necesidade de acudir algunha vez a Xerusalén para atoparse directamente co lugar no que a Divindade estaba presente dun xeito singular. Non había tampouco unha clara conciencia da universalidade de Iavé. As ideas monolátricas, segundo as que cada pobo podía te-lo seu deus, cunha xurisdicción territorial, e o politeísmo circundante, mesmo presente na patria de Abrahán, pai de Israel, esixían

que se insistira na existencia dun só Deus, e que esta verdade se pretendiera inculcar por medio da erección dun templo único. Se houbera máis de un, facilmente podían caer algúns israelitas no erro de pensar que había tantos deuses coma casas de oración. A lei xudea tratou de concreta-las festas nas que o fiel tiña a obriga de se presentar diante de Iavé: as festas de peregrinación eran, para todo xudeu que tivera cumpridos os doce anos ou os trece, segundo pensan algúns, que sen embargo admiten que ós doce tiñan tódolos varóns que cumprir certas obrigas, como era a do xaxún, debía visitalo Señor nas tres festas principais: Pascua, Pentecostés e Tendas ou Tabernáculos.

As peregrinacións nacen na igrexa cristiá seica con ela mesma. Temos, nos textos históricos máis antigos que conservamos, agora con memoria de procesións dun lugar de culto a outro no que tiña a comunidade a celebración eucarística, a partición do pan. E xa atopamos nos primeiros tempos peregrinos que van ós Santos Lugares para venera-las localidades nas que se desenvolveron os principais episodios da vida de Xesús de Nazaret, dende o nacemento ata a ascensión. Debemos lembrar, verbo disto, a nosa conterránea Exeria; o profesor López Pereira acaba de ofrecernos en galego, con introducción e notas, o seu itinerario. E non tardarían as peregrinacións cristiás en distinguirse en maiores e menores, segundo que puidese dispensar do incumprimento do voto calquera confesor, no caso das segundas, ou fose preciso apelar ó Papa, no das primeiras. A compostelá compartiu esta categoría máis solemne coas da Terra Santa, Roma e Loreto. Como tamén empezou nun momento que podemos fixar na metade da Idade Media a concesión de indulxencias ós que facían algunha peregrinación, con especial xenerosidade para os que escollían as máis importantes. Sen dúbida que esta práctica penitencial empeza antes aínda de que se lles ofreceran indulxencias ós que participaban nas cruzadas.

I.2. Cara a un sepulcro apostólico

O obxectivo da peregrinación foi sempre un lugar sinalado por algún acontecemento importante dende o punto de vista relixioso. Xa os Patricarcas peregrinaron ós lugares das teofanías. No Cristianismo son os lugares santificados por Xesús os que alcanzan antes que ningún outro a moda da peregrinación. Despois, por analogía -pois, se todo cristián é imaxe de Cristo, o santo éo por antonomasia-, tamén se empezou a peregrinar ós sepulcros dos mártires e dos confesores. Santa Lucía, segundo lemos nas biografías, peregrinou a Catania con Eutiquia, a súa nai, para lle pedir a Sta. Águeda pola saúde da proxenitora. Pero non tódalas peregrinacións eran interesadas, coma a de Lucía. Podemos dicir que se peregrinaba por simple simpatía, aínda que unha simpatía devota. E facíase para visita-los lugares relevantes da vida dos santos: o do nacemento, o do apostolado, o da morte, aínda que non fora violenta. Aínda máis, para visita-los restos do benaventurado ou da benaventurada.

Deste xeito debeu comeza-la peregrinación a Compostela. Hai quen presenta como primeiro peregrino o bispo francés Gotescalco, no século IX. Sempre digo que o feito de que sexa o primeiro de quen temos noticia non significa infaliblemente que realmente o fose. Ó meu ver, e penso que non inxurio a ningún, a peregrinación

compostelá foi un feito anterior ó reencontro dos restos apostólicos polo ermitán Pelaxio. Se non hai argumentos positivos a favor desta hipótese, tampouco os hai negativos. ¿Por que se peregrinaba a Compostela? Porque o sartego de Santiago era o único que se podía ver de tódolos Apóstolos do Señor, singularidade que aínda hoxe o segue favorecendo. Pois sábese dos sartegos de Pedro e de Paulos; pero non están á vista do visitante, o que obriga a facer un dobre acto de fe histórica. E non faría falla que fose de verdade o sepulcro apostólico. Abondaría con que a xente crera que o era, porque neste caso atopámonos máis no ámbito dunha consideración sociolóxica ca rigorosamente histórica, dada a finalidade deste congreso, o estudio da peregrinación como fenómeno antropolóxico.

Quero, de tódolos xeitos, deixar ben sentada cal é a miña posición verbo deste asunto. Repetín moitas veces, e quero volvelo dicir para que se entenda ben a miña postura, que a identidade duns restos non é un dogma de fe. A Igrexa non pode pronunciarse infaliblemente mais que en cuestións de crenzas e comportamentos, cando unhas e outros teñen fundamento na revelación divina, polo menos dunha maneira implícita. A identidade duns ósos é un feito histórico tan digno canto sexa o valor dos argumentos que o avalan. Neste caso o home, aceptando o feito, fai un acto de fe, de fe histórica, xa que a fe é un coñemento fundado na autoridade de quen fala, neste caso nos documentos. No peor dos casos teríamos que dicir que a presenza de Santiago entre nós -como predicador, primeiro; morto, despois, xa que se non viñese do primeiro xeito, tampouco se explicaría que quixese ser soterrado nesta terra- goza do favor do principio xurídico de que «melior est conditio possidentis». Ningua igrexa ou comunidade do mundo, fóra da de Compostela, pretende posuí-lo corpo de Santiago. A quen lles fala díxolle un monxe armenio de Santiago de Xerusalén que o corpo de Santiago o roubaran os españois.

Hai un feito histórico que se cita de vez en cando como se fose un argumento decisivo: a supresión da noticia da predicación no Breviario. Quen invoca este feito adoita esquecer que Santiago non loitaba daquela con tales problemas históricos, senón con prexuízos políticos de supremacía por parte doutras sés episcopais, como Toledo, e tamén esquecen que case ó mesmo tempo se aprobou o oficio litúrxico da Aparición de Santiago, que, para o que lles fala, ten unha menor entidade e, dende logo, unha base histórica menos segura. As tres dificultades que tradicionalmente se viñeron opoñendo, prohibicións ós apóstolos para saíren de Xerusalén ata pasar doce anos da morte de Cristo, a intención de Paulos de non predicar onde Cristo fora xa anunciado e o silencio das fontes nacionais, foron ben estudias e respondidas hai anos por Mons. Ayuso Mazaruela (art. «Standum est pro Traditione», en *Santiago en la Historia, la Literatura y el Arte*. Edit. Nacional, Madrid, 1954, páxs. 81-126). A hipótese de que os restos que se conservan na Catedral non son de Santiago, senón de Prisciliano, non ten máis apoio que a facilidade dos que o afirman para dicilo. Parece sempre, máis ca unha persuasión, un intento de nadar contra corrente. Poderíase negar que Santiago estea aquí; pero non se pode demostrar que quen está aquí é Prisciliano.

I.3. A compostelá, unha peregrinación potenciada

Non é a peregrinación a Compostela unha máis na lista de peregrinacións a santuarios. Dende que temos noticias dela, sabemos que foi primeiro catalogada entre as maiores polo Papa Calixto II, que fora romeiro santiagués, cando veu a Compostela, sendo arcebispo de Vienne, como devoto do Apóstolo e tamén como tío de Afonso VII, fillo de Raimundo de Borgoña e de Urraca, casada xa daquela, en segundas nupcias, por defunción de Raimundo, co aragonés Afonso. Cando Guido de Borgoña foi elixido Papa e escolleu o nome de Calixto II, non esqueceu nin a Santiago o Maior, nin ó bispo Xelmírez, que disputara tantas batallas, xunto co conde de Traba, en favor dos dereitos de Alfonso, e, en recoñecemento, outorgoulle a Compostela o privilexio da peregrinación maior, e ó bispo Xelmírez o título de arcebispo, para que desde entón a sé compostelá fose arcebispal e metropolitana.

Era o século XII. Na mesma centuria, sesenta anos despois, outro Papa, Alexandre III, outorgarlle a Compostela un xubileo universal. Aínda que na copia da bula «Regis Aeterni», do 25 de xuño do 1179, copia do século XIV ou do XV, se introducira algunha modificación, ninguén dubida do contido esencial, que lles concede ós visitantes do sepulcro do Apóstolo a gracia do xubileo universal, que se produce cada ano no que a festa principal de Santiago, o 25 de xullo, mes chamado tamén de Santiago, cadra en domingo. Feito que, como saben, se produce segundo a serie 11, 6, 5, 6 anos. Como o ano santo que agora vivimos veu 11 despois do último, queda neste século e neste milenio outro, o do 1999.

Dámoslle dous nomes a esta centuria especial. Chamámoslle Xubilar e Santo. Xubilar ten o fundamento na institución hebrea que tiña lugar cada sete semanas de anos, ou sexa, cada quincuaxésimo ano, como lemos no libro do Levítico, 25, e noutros lugares do *Antigo Testamento*. Chamábase xubilar porque se anunciaba con trompetas feitas con cornos de carneiro. Carneiro en hebreo é «Ióbel»; por sinécdoque, tamén se lle chamou deste xeito ó corno, e, por unha segunda sinécdoque, á trompeta pola palabra coa que se designa a materia da que foi feita. O ano xubilar era un ano de liberación entre os xudeus: manumisión dos escravos, restitución das terras e sinais que foran empeñados, etc.

A igrexa cristiá adoptou o nome e mailo significado liberador, pero trasladando este do terreo material ó espiritual, concedendo indulxencias, posibilidade de troco ou dispensa de votos e absolución de pecados reservados. A disciplina da Igrexa en materia penitencial ten unha longa historia, na que non nos imos deter agora. Cómpre dicir que co paso se foron facendo as obrigadas adaptacións da disciplina do xubileo santiagués ás novas disposicións, ultimamente á de Paulo VI, a constitución apostólica «Indulgentiarum Doctrina», do 1 de xaneiro do 1967, e á doutrina sobre votos e pecados reservados do Código do Dereito Canónico, promulgado por Xoán Paulo II por medio da constitución apostólica «Sacrae Disciplinae Leges», do 25 de xaneiro do 1983. Pero a esencia da concesión non se modificou. Mais, tamén fóra dos anos santos, se poden gañar indulxencias plenarias especiais no santuario compostelán, xa

que a constante protección pontificia a esta peregrinación mantén en vigor nos nosos días o premio e o estímulo das grazas espirituais.

Dixen que, ademais de xubilar, a estes anos especiais se lles chama Santos. Adxectivo que, como resulta evidente, quere poñer de manifesto que neles se outorgan medios extraordinarios para que o home que fai a peregrinación, coas debidas condicións, poida camiñar pola senda da santidad. Coa cualificación de santo ten que vela expresión galega Ano da Gran Perdoanza, porque o peregrino ben disposto pódese considerar tan absolto dos pecados e das penas como lle sucedera ó italiano de quen nos fala o milagre II do libro segundo do *Códice Calixtino*, que lle apareceu borrada a nota da súa falcastruada cando a foi coller debaixo do mantel do altar o bispo Teodomiro. E non deberei esquecer-lo adxectivo Xacobeo, porque máis de unha persoa me preguntou por el. Sei que non lles conto ningunha novidade ós presentes; pero pareceríame deixar incompleta a miña exposición se non tivese en conta as dúbidas dalgunhas persoas. Xacobeo, como saben, vén do nome hebreo de Santiago, Xacobe, que se converteu en Santiago, a partir das verbas latinas Sanctus Iacobus. E Xacobe, coma no caso de Patriarca que é o primeiro en chamarse así, segundo unha hipótese avalada por De Vaux, significaría, contando co compoñente teóforo que falta, «queira a divindade defender». A Biblia dános dúas etimoloxías populares: o que nace agarrado ó calcañar do seu irmán, por referencia á xemelgitude de Xacobe con Esaú, ou tamén «o que engana» polo episodio do prato de lentellas.

1.4. Motivos da peregrinación a Santiago

Toda peregrinación, e por conseguinte, tamén a compostelá, ten finalidade relixiosa, que pode ser múltiple. En primeiro lugar, e falando de algo totalmente desinteresado, render culto ó sepulcro de Santiago. Pero unha disposición tan altruísta non adoita acontecer pura. Sempre leva emparelladas outras, como son as de pedir perdón, as de pedir grazas e as de agradecer. O perdón vén se-lo primeiro e máis lóxico nunha viaxe que, polos incomodos que leva consigo, ten en todo momento un carácter penitencial. A súplica e a gratitude son inseparables. Primeiro pídesse e despois, se se recibiu, danse grazas. Non é Santiago nos tempos modernos un santo milagreiro sensacionalista. Non se fala adoito de enfermos curados, nin moito menos de mortos resucitados. Sen embargo non temos como única fonte de milagres de Santiago o xa citado libro segundo do *Códice Calixtino*. Referencias ben posteriores ó século XII, no que aquel foi escrito non só para facer historia, senón tamén con finalidade propagandística, fálannos de feitos extraordinarios atribuídos ó apóstolo Santiago. Abonda con percorrer, aínda que sexa polo alto, os índices dos diversos tomos da famosa obra do cóengo López Ferreiro para ser sabedor de que o Apóstolo seguía favorecendo taumaturxicamente ós fieis en centurias próximas a nós. A lectura dos xornais que neste ano santo veñen recollendo testemuños de peregrinos ponnos en contacto coa realidade das reformas interiores que se producen en moitos camiñantes. Claro que, ó non seren feitos apreciábeis sensiblemente, non cumpren as condicións dunha definición filosófica de milagre. E, á parte dos favores persoais, temos tamén os colecti-

vos, especialmente o da protección a España por parte do seu Padrón, que se segue recoñecendo coa fórmula establecida por Felipe IV no século XVII na Ofrenda Nacional, dúas veces ó ano, unha o 25 de xullo e outra o 30 de decembro.

Moita semellanza coa peregrinación con finalidade espiritual tena a dos penados que nalgúns países gozan do privilexio de poder satisfacer en parte ou a totalidade da súa pena peregrinando a Compostela. Son vestixios duns tempos nos que, a falla da secularización que nos domina hoxe, o temporal e o espiritual andaban moi xuntos. Á parte do sacrificio da viaxe, un substitutivo dos traballos forzados, tiñase en conta que o afastamento do delincuente o libraba de calquera que puidese tentar vingarse do crime cometido. E, por outra parte, servía de exemplo de arrepentimento, porque podían ver que facía penitencia. Non hai moitos anos viñeron uns presos de Bélxica. Despois outros, españois, imitáronos, se ben a nosa lexislación non contempla a conmutación de penas pola peregrinación. En todo caso permanece o feito liberador do xubileo.

Un peregrino, por moi espiritual que sexa, é sempre tamén un turista, en maior ou menor grao. Coñecer xentes e lugares debe servirlle ó crente para desenvolver a capacidade de contemplación da obra de Deus na creación, e para a extensión práctica da súa caridade a tódolos homes e mulleres, vivindo deste modo a catolicidade esencial do Cristianismo. Teño dito máis de unha vez que non me preocupa a mestura de turismo e relixiosidade. Máis ben, paréceme que é indispensable esta xuntanza, xa que temos que poñer de manifesto e facer que se desenvolvan as capacidades do ser humano, se ben gustaríame que o factor predominante fose o espiritual nun feito, como a peregrinación, que é fundamentalmente do eido do espírito. Non temos por que dubidar da intención dalgúns dos autores de guías da peregrinación, os itinerarios dos que nos deixaron noticias das súas aventuras, e, sen embargo, insisten moito nos factores humanos e materiais, empezando polo primeiro e fundamental de todos eles, o *Códice Calixtino*, no libro 5º.

Nin sequera nun clima de liberdade hai nada que dicir da consagración totalmente turística do Camiño de Santiago. Fálase moito, e con frecuencia negativamente, da súa politización. Parece xusto que as autoridades políticas aproveiten unha circunstancia extraordinaria para fomentalo turismo cara a Galicia. Pero, por outra parte, preguntémonos que é a política. Témolos que considerar coma o esforzo da autoridade lexítima por axudar a crear as condicións adecuadas para que o home alcance o exercicio do ben común entre a facilitación dos medios para que o cidadán poida exercer o dereito a moverse ordenadamente dentro do territorio. Eu falaría negativamente de politización só cando os políticos en activo desviasen intencionadamente a atención dos turistas da finalidade relixiosa que se toma como fundamento propagandístico e cando non lles axudasen, nunha obrigada colaboración entre as dúas sociedades, superiores e independentes, cos medios alcanzados coa contribución de tódolos cidadáns, entre os que a maioría está integrada na Igrexa —falo dela, porque o tema do Ano Santo xurdiu no seu seo—, á autoridade eclesiástica na creación das canles necesarias para a facilitación da satisfacción das arelas de cada crente.

Ó abeiro da peregrinación viñéronse poñer, ó longo do tempo, moitos modos de face-lo camiño que nada teñen que ver coa espiritualidade. E, á hora de falar deste feito, non temos que volver-los ollos só ó pasado, cando os monarcas se viron na precisión de dictar leis que regulaban o tránsito polas rutas de romaría xacobeá e o uso do hábito propio do peregrino. Tamén hoxe nos atopamos con xentes que só buscan no Camiño e na condición, xeralmente sen hábito de peregrino, unha desculpa para poder acollerse á caridade para co peregrino, e ser recibidas nos albergues ou outras regalías, que xa non son tantas coma noutros tempos, tanto porque aumentou o número dos camiñantes coma porque se estende a desconfianza ante os suplantadores. Naturalmente que o correcaamiños, o delincuente —que tamén os hai, aprotéitanse da soidade do peregrino para quitarlle o que leva consigo de valor—, ou os vagabundos, non teñen nada que ver coa peregrinación. Pero a súa existencia é unha connotación sociolóxica daquel fenómeno.

I.5. Cara a unha maior espiritualización

Quefacer obrigatorio da Igrexa e das persoas por ela encargadas de todo o referente á peregrinación —propaganda, preparación, asistencia e acollida— é fomenta-la espiritualidade da mesma, especialmente nun tempo coma o noso, de fonda secularización das ideas e da vida práctica da sociedade. É unha loita contra corrente, difícil e urxente. Os bispos españois do Camiño de Santiago saíron á palestra no 1988 cunha carta pastoral que leva o título de «El Camino de Santiago, un Camino para la peregrinación cristiana». E, como algúns movementos non cristiáns —eu manteño o principio filosófico de que «bonum ex integra causa; malum ex quocumque defectu»—, sobre todo de corte gnóstico, quixeron leva-la auga para o seu muíño, foi preciso saír ó paso das súas pretensións cun documento clarificador da Xunta do Ano Santo neste mesmo xubileo do 1993.

Vénlle ben ó home a simplificación, a proposta de obxectivos concretos. Por esta razón os últimos anos santos composteláns veñen tendo unha finalidade principal, que non exclúe outras, sobre todo as de cada un. O do 1993 é o Ano Santo da nova Evanxelización, sintonizando coa idea que vén expoñendo desde hai anos o Papa Xoán Paulo II de cara a fins do milenio segundo e do comezo do terceiro, pero sobre todo, fronte a unha sociedade na que as raíces cristiás están desfiguradas. E, naturalmente, esta intención básica aféctalle, en primeiro lugar, ó peregrino mesmo, á vez que o compromete na tarefa colectiva de evanxeliza-los demais.

II. OS SÍMBOLOS

Toda realidade social deixa detrás de si mesma uns vestixios e ten os seus símbolos ou signos. Realmente símbolo e signo son dúas palabras de valor distinto. O símbolo é expresión, con palabras, imaxes ou outros medios sensibles, de algo moral ou intelectual. O signo é o que pola súa natureza ou por un convencionalismo, evoca no entendemento a idea doutra cousa. Moitas das que vou dicir non se acomodan

rixidamente a ningunha das dúas definicións; pero as limitacións do vocabulario permítenos apelar ós vocábulos dun xeito xenérico para facer referencia ás repercusións da peregrinación no mundo figurativo a través de feitos, ritos, persoas, etc.

II.1. Persoas

Paréceme obrigado empezar, ó falar da repercusión da peregrinación compostelá, en primeiro lugar, por recor da-la presenza das persoas neste feito social. A primeira delas é o propio Santiago. A súa viaxe como misioneiro ata Fisterra e despois o traslado das súas reliquias crean o Camiño, ou mellor, os camiños de Compostela. Despois veñen outras persoas que foron institucionalizando a peregrinación. E aquí, aínda reducindo a miña consideración a persoas simbólicas, é dicir, máis representativas, debo facer algúns apartados:

II.1.a: Non hai peregrinación como feito relixioso dentro da Igrexa Católica se non conta co beneplácito das autoridades lexítimas. E a máxima autoridade da Igrexa son os Papas. O santuario, e conseguintemente a peregrinación compostelá, gozan dun respaldo pontificio que ten poucas, ou ningunha, semellanzas fóra de Roma. Son máis de trescentos documentos, de preto de oitenta Papas, que a catedral de Santiago de Compostela ten nos seus arquivos en memoria da actitude dos Sumos Pontífices a propósito do santuario compostelán e da romaría xacobeá. De entre tódolos Papas hai que lembrar dous nomes: o de Calixto II, peregrino compostelán primeiro e despois autor dos documentos que lle conceden a Compostela a peregrinación maior e o título metropolitano para a sé episcopal. En segundo lugar, xa no momento presente, Xoán Paulo II, dúas veces peregrino ante o sartego de Santiago o Maior.

II.1.b: Despois dos Papas veñen os bispos. Moitos dos membros do Episcopologio santiagués merecerían unha lembranza neste momento. Pero a brevidade impón unha selección, da que non pode faltar Teodomiro, nos tempos do redescubrimento do sepulcro; Xelmírez, a máis grande figura de todos; Martín de Herrera, renovador do movemento peregrinante despois da decadencia –nunca desaparición– que trouxo consigo a difusión das ideas do Protestantismo, tanto no eido das indulxencias coma no da guerra contra os santos e as reliquias. Ultimamente limitándose ós mortos, o cardeal Fernando Quiroga Palacios, factor inesquecible no pulo actual da peregrinación a Compostela.

II.1. c: Non pode honradamente ninguén deixar fóra desta referencia un colectivo, o mosteiro de Cluny, que encheu o Camiño Francés cos seus lugares de acollida para os peregrinos, e que, por medio de bispos e cabidos orixinou unha rede de infraestruturas hospitalarias que, co tempo, se íría completando por obra doutras institucións.

II.1.d: Tamén merecen unha referencia os santos do Camiño: os que o percorreron, entre eles os dous contemporáneos fundadores das dúas ordes relixiosas

mendicantes, S. Francisco de Asís e S. Domingos, o segundo dos cales veu dúas veces como romeiro, se ben tiña tamén motivos humanos para viaxar a Compostela, xa que estaba emparentado cunha das máis notables familias da localidade, famosa na historia de Galicia. Tamén peregrinou dúas veces Sta. Isabel, a raíña de Portugal. E o apóstolo da caridade asistencial Xoán de Deus e mailo francés Amaro, que despois había quedar en Burgos dedicado á asistencia dos romeiros; Domingo da Calzada e Xoán de Ortega.

II.1.e: Os reis, polo menos Afonso II o Casto, proclamáronse devotos de Santiago, algúns deles mesmamente dixéronse «alféreces» seus. Unha das imaxes de Santiago no altar maior da catedral ten catro reis, como símbolos de tódolos demais, axeonllados ós pés. Da peregrinación dos Reis Católicos xurdiu esa gran fundación que foi o Hospital Real. E aínda hoxe se segue a oficializar cada ano dúas veces o recoñecemento do Padroado de Santiago sobre España na Ofrenda Nacional, tal como a deixou regulamentada Felipe IV.

II.2. Santuarios e advocacións

Ó longo do Camiño de Santiago xorden os santuarios dedicados a el, ou outros relacionados coa peregrinación xacobeá, nalgúns casos os romeiros teñen a posibilidade de chegar con vida a Compostela e gañan-las gracias do Xubileo. Dous santos moi relacionados coa peregrinación tamén teñen culto en case tódalas poboacións, aínda que sexan pequenas, polas que pasa o Camiño. Son Sta. Bárbara e S. Roque. Foi este un santo peregrino da caridade, que morreu vítima da entrega á asistencia dos enfermos. Aínda que nunca veu a Compostela, adórnano coas cunchas distintivas do peregrino compostelán. O mesmo lle pasa á Nosa Señora, baixo a advocación da Virxe Peregrina, ademais de leva-lo título de Virxe do Camiño, nacido precisamente nas rutas da peregrinación santiaguesa. Tamén adoitan adornar coas cunchas a S. Xosé e mesmo a Xesús nalgúns casos. Un caso singular é o de Sta. Bona de Pisa, protectora de camiñantes, á que representan axeonllada diante do apóstolo Santiago, sen que estivese en Compostela.

II.3. Lugares

Cada un dos lugares polos que pasan os peregrinos ten a súa historia e as súas tradicións. Pero a necesidade de simplificar obríganos a facer referencia só a algúns. Para o comezo da romaría santiaguesa témonos que trasladar mentalmente á Tour Saint-Jacques de París, onde se facía –e aínda se fai nalgúns casos– a despedida litúrxica dos peregrinos, con beizón, imposición do traxe, recomendacións e peticións para que se lembrasen diante do Apóstolo das necesidades dos que tiñan que quedar. Houbo casos de peregrinacións delegadas por cidades, nas que os peregrinos procuradores debían transmitir-las arelas dos que as remitían.

En Roncesvalles atopámonos cunha mestura de historia e de lenda que, aínda que non fose verdadeira, ten o seu encanto. Era paso difícil para os peregrinos, e conviña soñar un pouco para esquece-los obstáculos. E falerei da Castañeda, en terras de Galicia, onde había fornos de cal, nos que se elaboraban materiais para a construción da basílica compostelá, en parte con pedras que traían os romeiros. Deste xeito comprometíanse na fábrica da igrexa do señor Santiago.

E, xa máis preto de Santiago, a memoria da purificación corporal dos romeiros, preludeo da espiritual que farían despois en Compostela, está presente no topónimo Lavacolla. O Camiño Francés pasa pola rúa e polo barrio dos Concheiros, recordeo dunha profesión e dun negocio dos que hei falar máis adiante. Despois está a Porta do Camiño, a igrexa da Nosa Señora do Camiño e a Porta do Paraíso, á que a devoción inmaculista do século pasado lle cambiou o nome, que certamente botamos de menos, se ben nos aleda que o privilexio da Inmaculada teña atopado en Compostela un posto no rueiro cidadán.

II.4. Confrarías

Como o fan os antigos alumnos dun centro de ensinanza nos nosos tempos, ou os colegas dunha quinta no servizo militar, tamén ós peregrinos composteláns lles gustaba constituí-las súas asociacións ou fraternidades que servirían para manter entre eles un vencello de unión ó longo do tempo. Así xurdiron confrarías en moitos lugares, que aínda hoxe perduran. Algunha delas, como unha que hai en Holanda, formada por católicos e protestantes, metade e metade. Cando marchaban de Compostela os peregrinos levaban unha boa imaxe das confrarías, xa que na cidade do Apóstolo proliferaban os gremios e as confrarías. Despois viría a dos devotos de Santiago, fundada no 1499 por bula do Papa Alexandre VI para recabar axudas para a construción do Hospital dos Reis Católicos. Pío XII, no ano 1942, elevaríaa a Arquiconfraría universal. Agora, despois dun tempo de crise, a mesma que lle afectou a tantas asociacións relixiosas, renace con novos folgos, que desexamos sexan agoiro dun futuro no que recupere sobexamente o alcance ecuménico que tivo en decenios pasados.

II.5. Ritos da peregrinación

A peregrinación, como feito espiritual, ten ben reguladas as condicións para gañalas indulxencias. Xa aparecen establecidas na bula de Alexandre III, e son a confesión, a comunión e a oración na Catedral. Nin unha máis nin unha menos. Hai dous ritos que teñen tamén, se se lles sabe da-lo sentido que merecen, carácter relixioso: o paso da Porta Santa e a aberta ó Apóstolo. Hai moita xente que centra o Xubileo no paso da Porta Santa ata o punto de que se din frases como «aínda non pasei a Porta Santa», ou «xa pasei a Porta Santa». Houbo peregrinación compostelá e xubileos moito

antes de que se establecese o rito da Porta Santa, que Compostela, que avantaxara a Roma no Xubileo, copiou da mesma Roma. A porta material estaba feita, porque é unha das sete, a única delas que segue a ser porta, portas románicas menores. Despois daríasele a condición de Porta Santa, que se abre e se pecha para indicar, respectivamente, o comezo e a fin do Ano Santo. Pasala ou non pasala non é condición para gaña-lo Xubileo. Naturalmente que tampouco para a peregrinación en anos que non son xubilares, porque naquel entón está pechada.

¿Como empezou o rito do abrazo ou aperta ó Apóstolo do altar maior, esa imaxe de Santiago sedente que lle debemos á escola do mestre Mateo? Non se sabe; pero eu permítome facer unha hipótese, remitíndome á parábola envanxélica do fillo pródigo. Detrás do altar maior, no retroaltar, estaba a capela das confesións, das comunións e da entrega da «Compostela», o certificado da peregrinación. Chamábase este trasaltar capela da Madalena, título axeitado para quen ía alí arrepentirse. Despois trasladouse esta triple función á fronteira capela do Salvador. En todo caso, preto da imaxe de Santiago. Parece, pois, que os penitentes se achegaban para darlle a aperta ó Apóstolo, coma o fillo ó pai que cada día axexaba polos camiños para ver se chegaba aquel que o seu corazón lle dicía que un día había de volver ó fogar.

Hai unha certa confusión verbo do modo como se facía o rito. Uns din que o peregrino collía o sombreiro de Santiago e poñíao na cabeza. Segundo outros, o peregrino colocaba o sombreiro na cabeza de Santiago para poderlle dar un abrazo máis afectuoso. O sombreiro de Santiago, se algunha vez o tivo, sería para o peregrino unha especie de sacramental. Na hipótese alternativa, sería un espectáculo fermoso ver como cambiaba de sombreiro Santiago segundo fose o do peregrino correspondente. A aureola que hoxe loce a imaxe do mestre Mateo fainos difícil entender esa cerimonia. Pero hai que ter en conta que os aditamentos que hoxe adornan o icono xacobeo foron doazón do arcebispo Frei Antonio de Monroy, o mexicano que rexeu a diocese compostelá desde o 1685 ó 1715. Neste ano hai ringleiras inacabables de romeiros que non deixan de pasar polo camarín no que o Gran Capitán quixo poñer como exvoto a lámpada feita coas empuñaduras de prata das súas armas de valeroso soldado.

II.6. O botafumeiro

Moita xente non pregunta polas condicións para gaña-lo Xubileo; pero todos se interesan por saber cando vai funciona-lo Botafumeiro. Trátase dunha realidade anterga, da que unha nota marxinal no *Códice Calixtino*, posta no século XIV, fala como se se perdera xa a memoria da súa introducción na liturxia catedralicia de Compostela. Non foi Santiago a única cidade que tivo un grande incensario, «mangum thuribulum». Tamén os houbo noutras, sen que poidamos concretar se eran iguais ou non. Hoxe Compostela posúe a singularidade deste instrumento, que naceu con finalidade litúrxica: a de magnífica-las celebracións, convertendo o incensario normal nun incensario xigante, do que tiran oito homes que levan o nome de tiraboleiros, deformación galeguizante, como é obvio, da latina «thuribularii». Dise tamén adoito

que o Botafumeiro servía para contrarresta-los cheiros que podía haber na basílica nuns tempos nos que os peregrinos dormían dentro do templo e a hixiene non era nin moito menos a dos nosos días. O que teño que afirmar, porque fun favorecido coa confianza, é que, por mor do Botafumeiro, alguén se sentiu convertido, cambiado, que é, nin máis nin menos, o que se desexaba de toda peregrinación cristiá ben feita. Hoxe en día o Botafumeiro ten moito de espectáculo, connotación non desprezable, porque un compoñente da Liturxia é o ton festivo solemne, pero tal consideración debe aparecer sempre nun segundo lugar.

II.7. Os ritos folclóricos

O mesmo que sucede coa Porta Santa acaece tamén con outros ritos tradicionais que leva a cabo o peregrino a Compostela. Principalmente son dous: a colocación dos dedos na columna central do Pórtico e o golpe coa cabeza na do mestre Mateo.

II.7.a: Na obra de Mateo no Pórtico da Gloria, tan difícil de interpretar no seu conxunto, porque non nos deixou ningunha memoria do seu traballo, xa que non era costume facelo, hai algo que non dubida no que se refire á representación e á interpretación: a columna central, feita en pórfiro branco, na que temos expresada plasticamente a xenealoxía de Cristo: a humana, no fuste; a divina, no capitel. Podemos pois dicir que esta columna é unha teoloxía plástica da persoa de Cristo. O fuste representa unha árbore que arrinca do peito de Xesé ou Isaí, pai de David. Apreixados polas pólas da árbore aparecen algúns dos personaxes máis famosos da xenealoxía davídica do Mesías. Distínguense moi ben dous reis: David, tocando un instrumento musical; el, que foi cantautor, ou sexa, poeta, compositor e intérprete —que exerceu a terapia musical co rei Saúl, afectado dunha enfermidade depresiva—, e o seu fillo e herdeiro Salomón, que leva como símbolo distintivo o cetro real, expresión de grandeza do seu reinado e do seu reino, que levou a fama a diversos lugares, suscitando a admiración das xentes, como foi o caso da raíña de Saba. Na cima da árbore, pero xa liberada do encadeamento das pólas, a Virxe María, liberación que o Dr. Portela Pazos interpretou como un testemuño da crenza da Igrexa en Compostela, aló polo século XII, na concepción inmaculada da Nosa Señora.

¿Por que poñen os dedos os peregrinos nos espazos entre as pólas, espazos que se foron facendo máis visibles polo labor silencioso de romeiros de tódolos tempos? Se lle preguntamos á xente, diranos que o fan porque se alcanzan cinco gracias, poñendo alí os dedos e rezando cinco Pai Nossos. Non existe ningunha concesión da Igrexa verbo desta acción. Non adoita, por outra parte, a Igrexa conceder gracias por feitos tan estraños. Hai, pois, que encadra-la cerimonia entre os ritos folclóricos. Tratando de buscar unha explicación do inicio desta práctica, hai quen di que procede do feito de que os romeiros, cansos da viaxe, se apoiaban na columna para contempla-lo altar maior. Non me parece crible, xa que durante séculos o altar era invisible para os que entraban polo Pórtico a causa da colocación do coro no centro da nave principal,

primeiro o coro do mestre Mateo, e posteriormente o de Xoán de Dávila e Gregorio Español, de comezos do século XVII, cadeirado que leva anos depositado no mosteiro de Sobrado dos Monxes. Agora si que é posible ve-lo altar dende o Pórtico; daquela non. Mellor é, por conseguinte, que deixemos estar este asunto na escuridade na que chegou ata nós.

II.7. b: A cabezada adoitan darlla os peregrinos na testa da estatua que se cre autorretrato do mestre Mateo. Unha lenda –que seguramente non pasa diso– conta que Mateo lle puxo a súa faciana a unha das figuras da parte principal do Pórtico e que o arcebispo, que daquela era D. Pedro Suárez de Deza, lle mandou desfacer un torto que o Prelado non toleraba. ¿Como se poñía como figurante entre os benaventurados do ceo un home que aínda pertencía á Igrexa militante, á Igrexa en camiño? Esta historia non me parece posible, porque os escultores naqueles tempos non figuraron caras concretas, aínda que fosen reais as que tomaron como modelo. Pero, certo ou non certo, o que si se pode admitir é que Mateo deixara a súa figura en pedra, axeonllada mirando ó altar maior para dar gracias pola obra feita, da que sen dúbida non sospeitaba a importancia e o aprezo que ía ter no futuro. O rito consiste en tocar coa cabeza a de pedra de Mateo, disque para contaxiarse –santo contaxio– da súa inspiración. Ó mestre Mateo, se o é, coñéceo a tradición como O Santo dos Croques, nome que lle vén das tradicionais cabezadas, que serán tanto máis xeradoras de croques canto máis forte sexa a cerimonia. Os científicos, sen embargo, non buscan por ese camiño o nome de croques, senón polo das influencias provenzais que farían referencia ó cabelo rizado do individuo representado na estatua. Por certo, desde hai algún tempo a xente vén simplificando o rito e, ó mesmo tempo que meten os dedos nos intersticios das pólas da árbore, achegan a cabeza á figura que está na base da columna central, que pode se-lo Pai Eterno en actitude creadora, ou tamén, segundo outros, o xuíz Sansón que, en lugar de desencaxarlle as queixadas e esgazar un león, aparece facéndolle a primeira acción a dous, un con cada man.

II.8. Símbolos xacobeos

Calquera que visite a sala capitular da basílica compostelá pode ver, tanto no artesoado, ideado por Ferro e Caaveiro, coma na caixa do braseiro, obra do século XVII, toda unha serie de principais símbolos xacobeos, ós que vou dedicar un breve comentario:

II.8.a: empezarei pola *estrela*. A tradición di que o reencontro dos restos do Apóstolo, no século IX, tivo como desencadeante a aparición de estrelas sobre un lugar, preto do que moraba o monxe Pelaxio. A tradición deu orixe á representación da estrela en moitos lugares de Compostela, mesmo en selos catedralicios. Tamén hai quen pensa que Compostela pode vir de *Campus Stellae*, e mesmo aparece no rúeiro compostelán o lugar do Campo da Estrela, se ben sabemos que o camiño etimolóxico mellor para explica-lo nome da cidade de Santiago debe se-lo que nos leva, con Piel, polo do

compositum tellus, terra ou sartego ben coidado. Pero a estrela ten aí o seu posto xa permanente. Había tempo atrás o costume de que os cóngos lle ofrecesen, simbolicamente nada máis, ó arcebispo, cando oficiaba a Misa de Pontifical, unhas moedas que levaban por unha cara a estrela. Eran os «contos», que despois se recollían de novo para repeti-la operación na seguinte ocasión.

II.8.b: a *Cruz de Santiago* ten a orixe, aínda que non tivese sempre exactamente a mesma forma, no distintivo dos Frades de Cáceres ou Cabaleiros da Orde Militar de Santiago, nacida no século XII; foi o Papa Alexandre III, o mesmo que concedeu o ano santo permanente, quen aprobou esta organización dirixida á protección dos peregrinos santiagueses. Neste mesmo século que agora está rematando, o XX, a orde militar citada, agora só con carácter honorario, chegou a un acordo de irmandade co cabido santiagués. Este concedeu-lles ós cabaleiros asento no coro, mentres que a Orde autorizou ós cóngos a levaren a Cruz de Santiago como distintivo dun grupo de xentes, que cunha vida metade soldado e metade freire, defendían a relixión facendo uso, se era preciso, da espada. Cruz e espada ó mesmo tempo. Aló polo ano 1881 apareceu en Compostela un periódico que levaba ese título e que era defensor dun carlismo puro.

II.8.c: a *urna de Santiago*: a cidade de Santiago defínese polo sartego dun apóstolo. Naceu como cidade relicario dos restos de Santiago. Por conseguinte é lóxico que un dos símbolos de Compostela sexa unha urna, unha urna simple coma calquera cadaleito, sen a ornamentación do actual, moito máis moderno cós que andan por aí como referencia á urbe apostólica, xa que a que agora garda as reliquias de Santiago, Atanasio e Teodoro foi feita, se ben reproducindo a táboa retroaltare, é dicir, o retábulo de Xelmírez, por Rei e Martínez no 1886.

II.8.d: o *bordón do peregrino*: non hai peregrino que non veña cun bastón que lle serve de apoio e de instrumento de defensa contra os animais e homes que lle poidan saír ó camiño. O bordón, xeralmente dous bordóns cruzados, tamén é un dos distintivos da peregrinación, dos símbolos ou signos que a romaría xacobeá acuñou. O mesmo apóstolo Santiago aparece na iconografía que o representa como peregrino cun bastón na man. O que non é un desafío ás palabras de Cristo en San Mateo (10,10) prohibindo leva-lo bastón e outras cousas, xa que se trata dunha hipérbole para destaca-lo espírito de desprendemento dos predicadores. Algo que nos aclara o paso paralelo de S. Marcos, que fala de levar «un só bastón» (6,8).

II.8.e: a *cuncha*: a cuncha é un dos símbolos máis estendidos da peregrinación. En enterramentos de peregrinos do século pasado atopáronse cunchas de mar e outras metálicas. Hainas gravadas nas laudas sepulcrais. Témolala no curruncho que fai a conexión da fachada catedralicia do Tesouro coa fachada de Praterías, na obra de Domingo Antonio de Andrade; na diadema da imaxe de Santiago do mestre Mateo; nas gigantescas bandexas do século XVIII que se poden ver no Tesouro; no indicador

do coro que está de semana, que se cambia cada sete días para establece-la alternancia entre os membros do Clero situados no lado presidido pola Virxe e os do lado presidido por Santiago.

A cuncha compostelá é a parte convexa do molusco bivalvo coñecido como vieira, ou cuncha de Venus. Cientificamente chámase «pecten maximus» e «pecten iacobaeus». O de «pecten» porque as costelas semellan un peite. Cando non existía exportación de marisco, nin entrara nestas terras a moda de convertelo nun manjar de ricos, a vieira estaba ó alcance de todos, e é moi posible que moitos rexeitasen a abundancia do marisco, como no século XVIII os obreiros poñían condicións para que non lles repetisen moitas veces na semana o salmón no xantar, os peregrinos levávanas como recordo e como práctico instrumento para colle-la auga nos mananciais. A demanda de cunchas foi tal que se montaron comercios e mesmo fundicións para facelas de metal, feito que deu lugar ó nome dun barrio santiagués, o dos Concheiros, mesmamente presente hoxe no rueiro compostelán. Un nome vulgar da cuncha, casa do peregrino, demostra a popularidade que tivo neste mundo dos romeiros.

Xunto á explicación normal e histórica que acabo de indicar, tamén hai a imaxinaria, a fantástica, que aparece en diferentes versións. Contarei algunha delas, que se parece moito ás outras. Dise que un musulmán se namorou dunha princesa cristiá portuguesa. O pai da rapaza non levaba ben eses amoríos co herexe e un día decidiu, coa axuda duns amigos, darlle un escarmento, talvez definitivo, ó pretendente. Agardárono nunha reviravolta do camiño, preto do mar. O cabalo asustouse e caeu co cabaleiro á auga. Este, ó verse en tal situación, lembrou que a súa noiva era moi devota de Santiago. Invocouno e viu ó momento como tanto el coma o cabalo quedaban cubertos de cunchas, que lles fixeron de flotadores para non afogar e, ó mesmo tempo, de escudos para se defenderen dos monstros mariños. Feito que serviu para que o cabaleiro se convertera ó cristianismo e arredara desta maneira o atranco que atopaba para levar a bo porto os amoríos coa rapaza portuguesa. Hai tamén no *Calixtino* a historia dunha cuncha, que no ano 1106 sandou dunha grave enfermidade na gorxa que padecía un cidadán das terras da Apulia, segundo nos conta o capítulo XII do libro II do *Calixtino*: tivo remedio inmediato despois de que, facéndolle caso á confianza que tiña en Santiago, atopou unha cuncha que levara un peregrino da romaría xacobeá.

II.9: Poderíamos, e deberíamos, dicir moito máis verbo dos signos e símbolos da peregrinación compostelá. Pero o espacio queda cuberto e penso que falei do máis significativo. O visitante de Compostela, e o compostelán que non caera na conta disto, poden ver algúns destes símbolos en diferentes lugares da cidade, mesmo no lintel ou nas xambas de portas nas casas antigas. Son os símbolos que falan dentro da cidade dese valor simbólico que ten a urbe santiaguesa enteira en todo o mundo, ante o que se ergue, como dixo o Papa Pío XII, como «faro de Occidente».

BIBLIOGRAFÍA FUNDAMENTAL

- GOICOECHEA ARRONDO, EUSEBIO (1971): *Rutas Jacobeas*. Navarra: Estella.
- LIBER SANCTI IACOBI «CODEX CALIXTINUS»*. Hai unha traducción dos profesores A. Moralejo, C. Torres, J. Feo (1992). Pontevedra: Xunta de Galicia.
- MARTÍNEZ, TEODORO (1976): *El Camino Jacobeo*. Bilbao.
- PRECEDO LAFUENTE, MANUEL JESÚS (1985): *Santiago el Mayor Patrón de España. Vida y Culto*. Santiago de Compostela.
- PRECEDO LAFUENTE, MANUEL JESÚS (1993): *Guía rápida de la Catedral de Santiago*. Madrid.
- PRECEDO LAFUENTE, MANUEL JESÚS (1993): «O sentido da peregrinación onte e hoxe», in García Iglesias, X. M. (dir.): *A Catedral de Santiago de Compostela*, A Coruña, pp. 79-136.
- VÁZQUEZ DE PARGA, L., LACARRA, J. M^a., URÍA RIU, J. (1949): *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*. Madrid.